



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión extraordinaria Pleno
Número expediente PLN/2024/6

PLN/2024/6.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE E CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Sendo as dezanove horas e trinta e minutos do vinte e catro de abril do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da interventora, Dna. Ana María Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 27.03.2024 (2024-0005). Para os efectos previstos no artigo 91 do Rea Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 27.03.2024.

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	Abstención	A favor

En función do resultado, préstase aprobación a acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 27.03.2024.

2º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 742/2024. MC 04/2024, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS. Expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en sesión extraordinaria realizada con data 18.04.2024 emitíndose o seguinte ditame:

“1º.-EXPEDIENTE 742/2024. MC 04/2024, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.-





Concello de Mugardos
(A Coruña)

...

Rematado o debate e sometida a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto ponderado	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado acadado a Comisión adoptou o seguinte **ditame**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 04/2024**, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos , financiados con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos, por importe de **128.434,15 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CREDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (aplicacións non dotadas no orzamento)

Altas en Aplicacións de Gastos

Prox	Aplicación		Descrición	Créditos consignados	Créditos extraordinarios	Créditos finais
	Prog.	Económica				
	320	13004	Retribucións deixadas de percibir dende o 01/09/2022 ata a reincorporación segundo sentenza 00024/2024	0	44.500,00	44.500,00
	342	35201	Xuros legais sentenza 00109/2023.	0	6.600,00	6.600,00
	342	35201	Xuros legais sentenza 00132/2023.	0	5.100,00	5.100,00





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	320	35201	Xuros artigo 576 LEC derivados da sentenza 00024/2024.	0	2.000,00	2.000,00
			TOTAL	0	58.200,00	58.200,00

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS (aplicacións dotadas insuficientemente no orzamento)

Altas en Aplicacións de Gastos

Prox	Aplicación		Descrición	Créditos consignados	Suplemento de créditos	Créditos finais
	Prog.	Económica				
	342	22799	Importe pendiente segundo a sentenza 00109/2023.	68.872,00	21.299,03	90.171,03
	342	22799	Importe retribución económica directa ou maior canon aplicación RD Lei 8/2020, segundo a sentenza 00132/2023.	90.171,03	28.935,12	119.106,15
	320	16000	Cotizacións á Seguridade Social a cargo da empresa derivadas da sentenza 00024/2024 e recargo, no seu caso, correspondente.	40.973,88	20.000,00	60.973,88





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

			TOTAL	0	70.234,15	
--	--	--	--------------	---	------------------	--

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 0 €.

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Esta modificación financíase con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos por importe de **128.434,15 €** co seguinte detalle:

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	4312/63200	108.774,64	108.774,64	0	Non está prevista a licitación da obra de reforma do mercado neste exercicio.
	920/12001	10.550,13	10.000,00	550,13	Non está prevista a cobertura do Técnico Administración Xeral por acumulación de tarefas.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	920/12100	45.393,67	5.000,00	40.393,67	Non está prevista a cobertura do Técnico Administración Xeral por acumulación de tarefas.
	931/12101	41.975,34	4.659,51	37.315,83	Non está prevista a cobertura do administrativo interino por programas para a área de Intervención.
TOTAL			128.434,15		

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

Segundo.-Expoñer , o expediente de modificación de créditos , ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal."

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PP	Explica o sentido e aplicación orzamentaria da modificación presupostaria en trámite.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Portavoz PSdG-PSOE	Adianta o seu voto a favor por tratarse de execución de sentenza en ambos casos e darlle a cumprimento aos fallos xudiciais recaídos.
Evaristo Deus, grupo municipal BNG	O grupo BNG se vai a abster e aínda que necesaria queren facer fincapé en que a licitación da xestión da piscina municipal non está realizada e dará lugar a outras novas sentenzas e por outra banda, manifesta a disconformidade do seu grupo coa orixe dos recursos que se van a aplicar. Por canto se vai a utilizar crédito de prazas vacantes pese a estar utilizando medios doutros concellos que realizan horas extraordinarias para cubrir tales necesidades.
Alcalde	Alude ao cambio na contratación ou nomeamento en función da normativa aplicable, de forma que se está a extinguir o modelo de interinidade ou temporais para que sexan estruturais. E considera máis eficaz e rápido realizar os convenios.

Segunda quenda de intervencións	
Evaristo Deus, grupo municipal BNG	Se trata dunha política de xestión de persoal. Hai carencias que xa non serán cubertas por que se vai a utilizar o crédito. E rexeita que en lugar de crear emprego público no concello se utilicen recursos humanos doutras entidades locais.
Portavoz PP	A sentenza da conta de explotación da piscina ven dunha compensación do ano 2014 e debe ser corrixida. En canto á política de persoal. Neste momento está aberto un proceso de estabilización, outro asociado ao PEL e os relativos ás listaxes de substitución. O programa vinculado ao servizo de contratación era para a posta en marcha da plataforma de contratación e esgotada a finalidade do programa non se pode volver a utilizar o mesmo programa, considerando contradictoria a posición ou argumento respecto do defendido polo grupo BNG para a delegación na Deputación da xestión tributaria e recadatoria. Os convenios veñen amparados polos correspondentes concellos. Remata a súa intervención indicando que en canto á sentenza ditada na orde xurisdiccional social, non hai condena por vulneración de dereitos se non de declaración dun dereito preferente de reingreso tras unha excedencia voluntaria.
Portavoz BNG	

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	A favor	Abstención





Concello de Mugardos
(A Coruña)

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 04/2024**, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos , financiados con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos, por importe de **128.434,15 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CREDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (aplicacións non dotadas no orzamento)

Altas en Aplicacións de Gastos

Prox	Aplicación		Descrición	Créditos consignados	Créditos extraordinarios	Créditos finais
	Prog.	Económica				
	320	13004	Retribucións deixadas de percibir dende o 01/09/2022 ata a reincorporación segundo sentenza 00024/2024	0	44.500,00	44.500,00
	342	35201	Xuros legais sentenza 00109/2023.	0	6.600,00	6.600,00
	342	35201	Xuros legais sentenza 00132/2023.	0	5.100,00	5.100,00
	320	35201	Xuros artigo 576 LEC derivados da sentenza 00024/2024.	0	2.000,00	2.000,00





Concello de Mugardos
(A Coruña)

			TOTAL	0	58.200,00	58.200,00
--	--	--	--------------	---	------------------	------------------

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS (aplicaciones dotadas insuficientemente no orzamento)

Altas en Aplicacións de Gastos

Prox	Aplicación		Descrición	Créditos consignados	Suplemento de créditos	Créditos finais
	Prog.	Económica				
	342	22799	Importe pendiente segundo a sentenza 00109/2023.	68.872,00	21.299,03	90.171,03
	342	22799	Importe retribución económica directa ou maior canon aplicación RD Lei 8/2020, segundo a sentenza 00132/2023.	90.171,03	28.935,12	119.106,15
	320	16000	Cotizacións á Seguridade Social a cargo da empresa derivadas da sentenza 00024/2024 e recargo, no seu caso, correspondente.	40.973,88	20.000,00	60.973,88
			TOTAL	0	70.234,15	

2º FINANCIAMENTO





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 0 €.

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Esta modificación financíase con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos por importe de **128.434,15 €** co seguinte detalle:

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	4312/63200	108.774,64	108.774,64	0	Non está prevista a licitación da obra de reforma do mercado neste exercicio.
	920/12001	10.550,13	10.000,00	550,13	Non está prevista a cobertura do Técnico Administración Xeral por acumulación de tarefas.
	920/12100	45.393,67	5.000,00	40.393,67	Non está prevista a cobertura do Técnico Administración Xeral por acumulación de tarefas.
	931/12101	41.975,34	4.659,51	37.315,83	Non está prevista a cobertura do





Concello de Mugardos
(A Coruña)

					administrativo interino por programas para a área de Intervención.
TOTAL			128.434,15		

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

Segundo.-Expoñer , o expediente de modificación de créditos , ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal

3º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 746/2024. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 05/2024, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. Expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en sesión extraordinaria realizada con data 18.04.2024 emitíndose o seguinte ditame:

“2º.- EXPEDIENTE 746/2024.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 05/2024, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS.

...

Rematado o debate e sometida a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto ponderado	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado acadado a Comisión adoptou o seguinte **ditame**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 05/2024**, de créditos extraordinarios , financiados con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos, por importe de **17.650,00 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CREDITOS EXTRAORDINARIOS

A) CRÉDITOS EXTRAODINARIOS (aplicacións non dotadas no orzamento) Altas en Aplicacións de Gastos

Prox	Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos extraordinarios	Créditos finais
	Prog.	Económica				
	334	63900	Adquisición mezclador,micrófonos e cables	0	650,00	650,00
	1621	63900	Adquisición de contedores de recollida selectiva de residuos	0	17.000,00	17.000,00
			TOTAL	0	17.650,00	17.650,00

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

- A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 0 €.
- B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Esta modificación financíase con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos por importe de **17.650,00 €** co seguinte detalle:

Prox.	Aplicación	Consignación	Cantidade a	Consignación	Explicación da baixa
-------	------------	--------------	-------------	--------------	----------------------





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	Orzamentaria	antes deste expediente (€)	anular ou minorar (€)	resultante (€)	na consignación
	931/12003	11.040,40	11.040,40	0	Non está prevista a cobertura do administrativo interino por programas na área de Intervención.
	931/12100	22.023,40	6.609,60	15.413,80	Non está previsto a cobertura do administrativo interino por programas na área de Intervención.
TOTAL			17.650,00		

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

Segundo.-Expoñer , o expediente de modificación de créditos , ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal"

Primeira quenda de intervencións	
Alcalde	Explica o sentido da modificación solicitada pola Escola de Música para instalar máis micros e utilización de instrumentos co mezclador. Así como a compra de contenedores para reponer material para o servizo.
Portavoz PSdG-PSOE	Adianta o seu voto a favor da modificación e das aplicacións que a motivan. Os recursos tamén van asociados a créditos de persoal





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	previstos no orzamento do ano 2022 e sí utilizados no seu momento. E lembra que haberá outras modificacións para poder financiar facturas que están pendentes das que se solicitou información dende o inicio do mandato e que afectan sobre todo a pequenos provedores.
Evaristo Deus, grupo municipal BNG	Polos mesmos motivos xa manifestados no punto anterior da orde do día o seu grupo se vai a abster. E quere rogar ao goberno que aínda queda tempo para planificar e facer un orzamento para o ano 2024, con previsións xa para unha posible prórroga para o ano 2025.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PsdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	A favor	Abstención

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 05/2024**, de créditos extraordinarios , financiados con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos, por importe de **17.650,00 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CREDITOS EXTRAORDINARIOS

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (aplicacións non dotadas no orzamento) Altas en Aplicacións de Gastos

	Aplicación	Descrición	Créditos	Créditos extraordinario	Créditos
--	-------------------	-------------------	-----------------	--------------------------------	-----------------





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Prox	Prog.	Económica		iniciais	s	finais
	334	63900	Adquisición mezclador, micrófonos e cables	0	650,00	650,00
	1621	63900	Adquisición de contedores de recollida selectiva de residuos	0	17.000,00	17.000,00
			TOTAL	0	17.650,00	17.650,00

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

- A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 0 €.
- B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Esta modificación financíase con cargo a baixas por anulación total ou parcial de créditos non comprometidos do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos por importe de **17.650,00 €** co seguinte detalle:

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	931/12003	11.040,40	11.040,40	0	Non está prevista a cobertura do administrativo interino por programas na área de Intervención.
	931/12100	22.023,40	6.609,60	15.413,80	Non está previsto a cobertura do administrativo interino por programas na área de Intervención.
TOTAL			17.650,00		





Concello de Mugardos
(A Coruña)

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

Segundo.-Expoñer , o expediente de modificación de créditos , ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións aos acordos entenderanse definitivamente adoptados, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento resumida por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 743/2024. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 30, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO.- Expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en sesión extraordinaria urxente realizada con data 18.04.2024 emitíndose o seguinte ditame:

“ ...

Rematado o debate e sometida a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto ponderado	A favor	A favor	Abstención	A favor

En atención ao resultado acadado a Comisión adoptou o seguinte **ditame**:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 30 reguladora do prezo público da festa gastronómica do polbo, publicada no BOP da Coruña núm 123, do 30 de xuño de 2016, nos seguintes termos:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

-Se modifica o texto do artigo 4º Tarifas, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 4.º Tarifas.

1.As contías polo prezo público que se deben pagar ao Concello pola asistencia á festa gastronómica do polbo son ás seguintes:

Tarifa 4.1.-Entrada ou Ticket ración de polbo:14 euros.

Tarifa 4.2.-Entrada ou Ticket ración de empanada:4 euros.

-Se modifica o texto da disposición derradeira que pasa a ter a seguinte redacción:

A presente modificación da ordenanza fiscal, reguladora do prezo público da festa gastronómica festa do polbo, que foi aprobada polo Pleno de este Concello en sesión celebrada o día ---- de ---- de 2024, unha vez aprobada definitivamente, será publicado o texto refundido integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manteráse en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Unha vez introducidas as citadas modificacións o texto definitivo da ordenanza fiscal núm. 30 reguladora do prezo público da festa gastronómica do polbo, publicada no BOP da Coruña núm 123, do 30 de xuño de 2016 , quedaría redactada do seguinte xeito:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación do prezo público da festa gastronómica do polbo e a ordenanza fiscal reguladora do mesmo, cuxo texto é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL Nº30 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO.

Artigo 1.º Fundamento.

De conformidade co previsto nos artigo 127 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; en relación cos artigos 41 a 47 desta norma e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4,49,70.2 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, este Concello establece o prezo público da festa gastronómica do polbo.

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Artigo 2.º Concepto.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe un ingreso de dereito público, que se satisfará polos usuarios, que voluntariamente asistan á festa gastronómica do polbo, coa finalidade exclusiva de degustar o produto elaborado conforme a recetas propias da localidade.

Artigo 3.º Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas, que asistan á festa gastronómica do polbo organizada polo Concello, a degustar o produto elaborado.

Artigo 4.º Tarifas.

1.As contías polo prezo público que se deben pagar ao Concello pola asistencia á festa gastronómica do polbo son ás seguintes:

Tarifa 4.1.-Entrada ou Ticket ración de polbo:14 euros.

Tarifa 4.2.-Entrada ou Ticket ración de empanada:4 euros.

Artigo 5.º Normas de xestión

1. A obriga de pagamento nace desde que se inicie a prestación do servizo ou se realice a actividade.

2.Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a festa gastronómica non se preste ou desenvolva, procederá á devolución do importe correspondente.

Artigo 6.º Obriga e lugar de pago.

1. O pago do prezos públicos efectuarase, nas taquillas habilitadas ao efecto á entrada da carpa onde se celebra a festa gastronómica.

2. O pagamento realizarase en efectivo, salvo que se habilite outro mecanismo de pago, e entregarase a correspondente entrada ou ticket xustificativo do pagamento.

Disposición derradeira

A presente modificación da ordenanza fiscal, reguladora do prezo público da festa gastronómica do polbo, que foi aprobada polo Pleno de este Concello en sesión celebrada

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

o día ---- de --- de 2024, unha vez aprobada definitivamente , será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manteráse en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://mugardos.sedelectronica.gal>.

3º) Considerar, no caso de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

...”.

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PP	Explica o sentido do expediente.
Alcalde	Indica que o expediente tamén se elevou á consideración da Comisión Informativa de Cultura e comenta o importe do prezo público a aprobar, necesidades detectadas e a obriga de aplicar o menor impacto posible á facenda municipal.
Portavoz PSdG-PSOE	Tras o paso pola CI de Cultura no mes de febreiro, non se volveu a falar desto por que se consideraba necesario que se emitise un informe sobre os custes, lembrando unha petición efectuada en xaneiro de 2023 e a contestación do Presidente da Comisión. Lamenta que non se teña contado con tempo para poder estudar o contido do informe municipal agora achegado ao expediente. Segundo a súa opinión o que aconteceu é que a licitación do polvo quedou deserta e para poder sacar unha nova contratación se ten que subir o importe do prezo público. Mais existen





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>outras alternativas como reducir o importe dos custes da realización das festas.</p> <p>Hai que traer os expedientes ben pensados. E pasa a analizar o informe de custes. Considera que o mercado non funciona así por canto estima que a este novo prezo compraranse menos racións e por tanto menos recursos a recadar. E a elo hai que sumar que todos os anos hai unha parte de polvo que non se vende, polo que habería que reducir o subministro a contratar permitindo así aminorar o importe da licitación.</p>
Alcalde	<p>Critica os argumentos aducidos polo Portavoz PSdG-PSOE baseados no importe do cálculo de fai 30 anos, polo que sinala que en función do tempo transcorrido, ni tan siquera sería necesario a emisión dun informe técnico. Destaca que aínda co novo importe proposto non se cubrirán os custes e resultará deficitario, botando en falta un estudo alternativo da oposición en función dos anos transcorridos.</p> <p>Considera que están equivocados en dicir que o prezo público se sube en función de que se tivese declarado deserta a licitación da subministración do polvo, por canto xa se tiña iniciado a tramitación do prezo público antes da licitación do expediente de contratación.</p>
Evaristo Deus, grupo municipal BNG	<p>Quere felicitar aos funcionarios municipais pola Memoria tras as reiteradas peticións realizadas para saber os custes das festas. E nesa Memoria aparecen claros. Sabe que os impactos son numerosos e non poden pedir que a festa sexa rendible. Por outra banda botan de menos a motivación do importe da subida carente de fundamento técnico. E con estas salvedades o seu grupo vai a votar a favor.</p>
Alcalde	<p>Critica as declaracións levadas a cabo polo grupo municipal BNG xa que cando dirixían o goberno municipal, non proporcionaban datos. Un 40% de subida é moito menos gravoso que o 100% de incremento polo que reitera agradecería que fixesen propostas constructivas que non existen cando hai decisión complexas que adoptar.</p>

Segundo quenda de intervencións

Portavoz EU	<p>Votaron a favor na Comisión por canto manter o prezo público pode causar un grave prexuízo económico. Máis en 30 anos hai responsabilidades compartidas. E repasa como se daba conta da información en función das relacións contables das facturas. Aprecian a festa e reclaman máis proxección. Engade que é inviable manter un prezo de fai dez anos e estima que sí vai a vir xente polo que significa a</p>
--------------------	---





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	festa do polbo en sí mesma.
Portavoz PSdG-PSOE	<p>Manifesta a súa disconformidade por canto parécenlle pouco respectuosas as manifestacións do Alcalde. A festa do polvo non é para sacar diñeiro se non de promoción. E é o único acto popular e cultural que o concello fai en todo o ano, insistindo en que o prezo sí afectará ao número de comensais ou do que van a gastar as persoas visitantes.</p> <p>Retoma o argumento da asociación entre a declaración como licitación deserta da subministración do polvo e o incremento do importe do prezo público. O acordo declarando deserta a licitación se publica na Plataforma de Contratación o 15.04.2024 e o 17.04.2024 se traslada o informe de intervención. Insistindo que dende que o expediente pasou pola Comisión Informativa de Cultura non se volveu a elevar á consideración doutro órgano colexiado.</p> <p>O seu grupo opina e defende as súas posturas. E neste caso consideran que non se debe subir o prezo público a 14 euros e así o votarán.</p>
Alcalde	Critica que faga apreciacións relativas ao trato recibido do Alcalde no debate pese ao que dito portavoz lle depara en redes sociais nos que leva a cabo críticas de carácter persoal.
Portavoz PSdG-PSOE	Lembra ao Alcalde as declaracións que realizou un mes despois de que accedese ao goberno local en coalición co grupo municipal de EU, nas que indicou que estaba no goberno municipal por diñeiro. E cita o medio no que se difundiron estas declaracións (Galicia Ártabra Digital).
Portavoz PP	<p>Destaca a labor do seu grupo no goberno por canto o primeiro prezo público aprobado é do ano 2016 e se contratou unha empresa para a xestión do seu cobro. Non existían antecedentes previos, engadindo que non constaba mellor motivación para saber por qué o seu importe era de 10 euros.</p> <p>Nega que exista ligazón entre o prezo público e a licitación do subministro do polvo, manifestando que o expediente con data 08.02.2024 pasou pola Comisión Informativa de Cultura e o inicio da licitación se publicou na Plataforma de Contratos no mes de marzo de 2024.</p>

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	En contra	A favor

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación do prezo público da festa gastronómica do polbo e a ordenanza fiscal reguladora do mesmo, cuxo texto é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL Nº30 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO.

Artigo 1.º Fundamento.

De conformidade co previsto nos artigos 127 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; en relación cos artigos 41 a 47 desta norma e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4,49,70.2 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, este Concello establece o prezo público da festa gastronómica do polbo.

Artigo 2.º Concepto.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe un ingreso de dereito público, que se satisfará polos usuarios, que voluntariamente asistan á festa gastronómica do polbo, coa finalidade exclusiva de degustar o produto elaborado conforme a recetas propias da localidade.

Artigo 3.º Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas, que asistan á festa gastronómica do polbo organizada polo Concello, a degustar o produto elaborado.

Artigo 4.º Tarifas.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

1.As contías polo prezo público que se deben pagar ao Concello pola asistencia á festa gastronómica do polbo son ás seguintes:

Tarifa 4.1.-Entrada ou Ticket ración de polbo:14 euros.

Tarifa 4.2.-Entrada ou Ticket ración de empanada:4 euros.

Artigo 5.º Normas de xestión

1. A obriga de pagamento nace desde que se inicie a prestación do servizo ou se realice a actividade.

2.Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a festa gastronómica non se preste ou desenvolva, procederá á devolución do importe correspondente.

Artigo 6.º Obriga e lugar de pago.

1. O pago do prezos públicos efectuarase, nas taquillas habilitadas ao efecto á entrada da carpa onde se celebra a festa gastronómica.

2. O pagamento realizarase en efectivo, salvo que se habilite outro mecanismo de pago, e entregarase a correspondente entrada ou ticket xustificativo do pagamento.

Disposición derradeira

A presente modificación da ordenanza fiscal, reguladora do prezo público da festa gastronómica do polbo, que foi aprobada polo Pleno de este Concello en sesión celebrada o día ---- de --- de 2024, unha vez aprobada definitivamente , será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://mugardos.sedelectronica.gal>.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

3º) Considerar, no caso de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

5º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 2506/2023.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2024-0446 DE DATA 17.04.2024 SOBRE POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2024. CORRECCIÓN DE ERRO.- Non tendo sido elevado á consideración de Comisión Informativa ningunha, procédese a dar cumprimento ao trámite previsto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, acadándose o seguinte resultado (explica a razón da rectificación) :

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

Ratificada a súa inclusión na orde do día da presente sesión plenaria procédese a dar inicio ao seu debate.

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Van a volver a votar a favor como nas sesións precedentes. Así sempre acontece cos POS de Obras. E non lle parece corecto indicar que é culpa da traballadora social xa que o Alcalde como responsable de área debe saber en qué termos se entrega e remite a documentación
Alcalde	A traballadora social o asume e non pasa nada, engadindo que asina a documentación porque confía no traballo dos técnicos.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado da votación o Pleno conforme ao artigo 21 e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Ratificar o contido da Resolución da Alcaldía núm. 2024-0446 de data 17.04.2024 sobre POS+ Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercizo 2024, de emenda de erros:

“Asunto: POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2024. CORRECCIÓN DE ERRO

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 8 de febreiro de 2024 acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2024” para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024.

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2024 acordou subsanar as deficiencias presentadas da solucitude de participación no no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2024” para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024.

Advertido un erro no Anexo XVII na selección da tipoloxía de gasto segundo o establecido nas bases reguladoras do plan, xa que a tipoloxía seleccionada era do tipo “e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.” cando en realidade, debería seleccionarse a tipoloxía tipo “c) Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras.”.

Unha vez corrixido o Anexo XVII en data 17.04.2024, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Corrixir o erro advertido na selección da tipoloxía de gasto, seleccionando en lugar da tipoloxía “e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.” a tipoloxía tipo “c) Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da





Concello de Mugardos
(A Coruña)

persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras.”, quedando o acordo adoptado da seguinte maneira:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024

41.026,71 €

Dato notificado que figura no seu expediente

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024 (A)	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024 (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.					
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	25.000,00 €	0,00 €	25.000,00 €	11.249,17 €	13.750,83 €

Cod. Validación: 7GAAAAS2734JG2C246Y9Z29ZT
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 39





Concello de Mugardos
(A Coruña)

<p>c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras.</p> <p>O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	67.671,56 €	0,00 €	67.671,56 €	28.787,04 €	38.884,52 €
<p>d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.</p>					
<p>e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.</p>					
<p>f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>					
<p>g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.</p>					
<p>h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.</p>					





Concello de Mugardos
(A Coruña)

SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	92.671,56 €	0,00 €	92.671,56 €	40.036,21 €	52.635,35 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.					
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	990,50 €	0,00 €	990,50 €	990,50 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	990,50 €	0,00 €	990,50 €	990,50 €	0,00 €
	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO





Concello de Mugardos
(A Coruña)

TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	93.662,06 €	0,00 €	93.662,06 €	41.026,71 €	52.635,35 €
---	-------------	--------	-------------	-------------	-------------

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	40.036,21 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	990,50 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	41.026,71 €

2.-Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

SEGUNDO.- Ratificar a presente resolución na seguinte sesión do Pleno da Corporación que se celebre.”.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2024-0446 DE DATA 17.04.2024 SOBRE POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EJERCICIO 2024. CORRECCIÓN DE ERRO





Concello de Mugardos
(A Coruña)

6º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A CONSTRUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA DP-3504. Escrito de moción do que para os efectos previstos no ROM dáse conta na Xunta de Portavoces realizada con data 17.04.2024:

“4.- DAR CONTA DAS MOCIÓNS PRESENTADAS NO SEU CASO.

Dáse conta da presentación no Rexistro Xeral do concello dos seguintes escritos de moción dentro do prazo marcado ROM:

4.1º.- Proposta de moción grupo municipal PP “MOCIÓN SOBRE LA CONSTRUCIÓN DE UNA SENDA PEONIL EN LA CARRETERA DP-3504” (núm. Rexistro de entrada2024-E-RE-880 de 16.04.2024)

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal PP na que tras unha exposición de motivos se eleva á consideración do Pleno a adopción do seguinte acordo:

“... ”

1. Instar a la Diputación provincial de A Coruña a que realice la senda peatonal con la que se comprometió con el Concello de Mugardos a lo largo del tramo de la carretera DP-3504 desde el cruce del vial DP-3504 con la AC-133 en Fontegrande hasta el cruce de la Avenida Bello Piñeiro con la Avenida do Seixo.”

A Xunta de Portavoces da por realizado o trámite para que sexa elevada a consideración do Pleno”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PP	Explica o sentido da moción e da lectura ao seu texto.
Portavoz EU	Traslada a conformidade do seu grupo. Indica que consta xa un proxecto no concello máis co que non está de acordo é coas formas. Debería ser discutido previamente en Xunta de Portavoces. E non se xustificou nada da postura da Deputación salvo nuns correos electrónicos. E reitera que debería ser consensuada por todos os grupos para ser máis eficaz. E por elo van a votar en contra.
Alcalde	Non teñen constancia da existencia de proxecto ningún nin os servizos





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>técnicos tampouco. Coincide coa apreciación do grupo municipal EU en que todos xuntos mellor e por elo traen a moción. Engade que cabe a posibilidade de que o propio Presidente da Deputación tampouco o sepa.</p> <p>O que quere saber o seu grupo é se van a votar a favor do interese da veciñanza do concello ou antepoñer os intereses do seu partido.</p>
Portavoz PSdG-PSOE	<p>Insta ao grupo municipal PP a que tamén fagan peticións no Pleno provincial. Non hai ningún rogo cando o Presidente veu ao concello con motivo da obra de Bello Piñeiro. E repasa un antecedente do ano 2021 dunha reunión co Sr. Feijoo dando o seu apoio para reparar a avenida do Seixo, casa do reloxo, saída da vía rápida (unir a senda coa entrada do pobo) etc...e por eso se pregunta se van a traer unha moción por cada unha destas cousas non feitas porque considera que as formas son outras (pedir reunión e tratar o proxecto) e non a través dunha moción. E por elo van a votar en contra e non porque non estén de acordo co fondo da moción.</p>
Alcalde	<p>El sí se reunía co anterior Presidente da Xunta e xa se realizaron parte das obras e actuacións citadas polo portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Máis non ten noticias do que pudo ter falado co Presidente da Deputación.</p> <p>Desde que acordaron que as obras se levarían a cabo en dúas sendas non teñen noticias da Deputación e iso sí non lle parece o máis axeitado.</p>
Evaristo BNG	<p>O seu grupo solicitou máis información en sesión plenaria previa e posteriormente en Comisión Informativa. Preguntaron na Deputación e lles indican que non consta petición formal e que polas características que presentarían as actuacións terían que ser canalizadas a través dun convenio de colaboración ou a través dunha subvención dando traslado de información sobre o parecer da veciñanza sobre a posible cesión e dispoñibilidade de terreos. Reitera que non existe petición oficial, elevando ao Pleno a seguinte emenda:</p> <p>Eliminar da exposición de motivos a alusión á oposición, modificando o seu texto de forma reflectindo que se inste ao goberno municipal a que leve a cabo os trámites coa veciñanza e persoas propietarias para coñecer os problemas, remitindo todas as actuacións a través das canles adecuados. E tras elo instar á Deputación a que o fagan efectivo.</p>
Alcalde	<p>Cando se realiza unha reunión cun Presidente autonómico non hai plataforma se non a súa palabra. Vai a comprobar se Ares o fixo pola</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>plataforma e da mesma forma noutros concellos. Así que non lle tomen o pelo e replica ao grupo municipal BNG que non poña zancadillas. Xa falou en numerosas ocasións coa veciñanza. Ese traballo xa o fixo e por iso o vai a pedir aos técnicos da Deputación como titular da vía. E se ao Presidente da Deputación lle importa Mugardos non tería inconveniente en tratar o tema. E a moción é do que trata.</p>
--	---

Segunda quenda de intervencións	
Portavoz EU	<p>Na Xunta de Portavoces non se solicitou que se asumise como moción conxunta. E por elo o que pide é ter unha xuntanza para recuperar o proxecto de senda, tramitar a petición doutra forma. Polo que non procede agora é acusar aos grupos de non apoiar os intereses da veciñanza.</p>
Alcalde	<p>A moción era coñecida no expediente da Xunta de Portavoces e non se presentou emenda ningunha. Se o problema é a exposición de motivos, a quita máis a proposta de acordo se presenta así. Non se pode dar máis información por que non a ten. Tampoco houbo emendas aos orzamentos da Deputación para este fin polo BNG ou o PSOE. E tampouco é formal que o Presidente non conteste ás peticións dos Alcaldes.</p>
Portavoz PSdG-PSOE	<p>Hai que revisar as inversións da Xunta nos últimos 4 anos en Ares e Mugardos.</p>
Alcalde	<p>A petición do propio Alcalde de Mugardos se fixo unha senda en Ares.</p>
Portavoz PSOE	<p>Esta moción debería estar presentada en Deputación. As inversións normalmente van unidas as peticións motivadas que se fan polos concellos. Como aconteceu co pum truck. E aquí o que se está a facer é utilizar unha moción para cargar contra a persoa do Presidente e o que procedería realizar é o que indicou a portavoz EU.</p> <p>Indícalle ao Alcalde que o que lle pregunta o Presidente da Deputación é por qué non están feitas en Mugardos as obras do POS. Insiste en que o canle adecuado non é elevar mocións ao Pleno.</p> <p>Polo que adianta que tal como está redactada a moción non contará o voto a favor do seu grupo.</p>
Evaristo Deus BNG	<p>O Goberno municipal o que ten que facer é gobernar e non instar á oposición a que faga cousas. E se está usando a moción dunha forma</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>demagóxica para vender que os grupos da oposición non teñen interese na veciñanza de Mugardos. Considera que a forma correcta é o que sinalou a Portavoz de EU o que motiva o voto en contra do seu grupo. Queren unha senda peonil máis non así.</p>
Portavoz PP	<p>Dúas veces levou este asunto a Comisión Informativa polo que se pregunta por qué non se trata estas cousas. Lembra que o proxecto o ten que redactar o titular da vía e en Mugardos sen que conste documentación técnica ningúnha</p> <p>E isto non se vai a quedar aquí e non teñen interese ningún na Deputación.</p> <p>Pasa de seguido a repasar as inversións realizadas pola Xunta de Galicia en función de reunións mantidas.</p> <p>Agora o que tratan é de salvar a situación tras non dicir nada en Comisión.</p> <p>Os 14 deputados provinciais do grupo PP están ao corrente da situación e tras o acordo que aquí se adopte, darase traslado ao PP de Deputación.</p> <p>Finaliza a súa actuación indicando que o goberno municipal uniuse á veciñanza de Mugardos cando así foi necesario á marxe das sigras de partidos políticos.</p>

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	En contra	En contra	En contra

En atención ao resultado acadado, o Pleno de conformidade cos artigos 22 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e correlativos da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Primeiro.- Rexeitar a moción presentada polo grupo municipal PP “MOCIÓN SOBRE LA CONSTRUCCIÓN DE UNA SENDA PEONIL EN LA CARRETERA DP-3504” (núm. Rexistro de entrada 2024-E-RE-880 de 16.04.2024).

7º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES

Non se formulan.

9º.- SECRETARÍA.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-

Dáse lectura pola secretaria á dilixencia asinada con data 18.04.2023:

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023, requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, téndose emitido informe pola psicóloga municipal en data 16.01.2024, sobre a adaptación do regulamento de réxime interior ás Normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal, e informe xurídico pola secretaria da corporación en data 09.02.2024, e téndose elevado o expediente á comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade na sesión celebrada en data 15.02.2024 para a toma en consideración das normas de funcionamento da EIM As Lagoas visadas pola Xunta de Galicia; téndose recibido, con data 15.04.2024, novo requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior o inicio dos trámites necesarios para formalización dun novo convenio ou negocio xurídico máis adecuado que así se sinala en informe para poder dar continuidade ao uso público en condicións de seguridade xurídica de data 20.09.2023, téndose emitido informes pola secretaria municipal en datas 28.09.2023 e 16.01.2024. Así mesmo pola Sociedade Amigos da Paisaxe Galega tense presentado escrito de alegacións ao contrato de préstamo de uso entre a Sociedade e o Concello, téndose emitido novo informe pola secretaria municipal en data 06.03.2024, e téndose requirido á Asociación a aportación ao expediente de documentación xustificativa e ao redactor do proxecto da obra incluída no POS+ adicional 2/2021 a emisión de informe onde se reflecta á vida útil das obras contempladas no proxecto.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE





Concello de Mugardos
(A Coruña)

SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

EXPEDIENTE 2336/2023. RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 03/2023. Uníronse certificacións dos acordos ao expediente téndose ordenado, pola Resolución da Alcaldía núm. 2024-0058, o pagamento das cotas da Comunidade de Proprietarios de Castelao 1-3-5-7, e pola Resolución da Alcaldía núm. 2024-0382, o aboamento dos gastos incluídos na relación contable de facturas F/2023/25.

EXPEDIENTE 197/2023.- SOLICITUDE DE AXUDA PERTE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. 2ª CONVOCATORIA AGOSTO 2023 (BOE Nº 183 DE 2 DE AGOSTO DE 2023). Pendente de pronunciamento sobre a solicitude presentada.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”, téndose requirido pola Deputación Provincial da Coruña a subsanación de deficiencias padecidas na documentación presentada para a participación no Plan.

EXPEDIENTE 2506/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios; téndose requirido pola Deputación Provincial da Coruña a subsanación das deficiencias padecidas na documentación presentada coa solicitude de participación no Plan, subsanación que se ten levado a cabo mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada en data 28.02.2024.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O





Concello de Mugardos
(A Coruña)

ARRANXO DE EDIFICIOS PÚBLICOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente. e remitiuse ao Concelleiro da Área de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS NECESARIAS PARA DOTAR DE SEGURIDADE AOS CAMIÑOS MUNICIPAIS. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Concelleiro da Área de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TIC's copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.

EXPEDIENTE 586/2024. PLANS DE CALIDADE AMBIENTAL. ADHESIÓN Á REDE DE PRAIAS SEN FUME. Uniuse certificación do acordo ao expediente téndose remitido, xunto coa información requirida, solicitude de adhesión permanente á Rede Galega de Praias Sen Fume para o areal de Bestarruza.

POS+ ADICIONAL 2/2023. APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: RÚA CASÁS E SIMOU. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse o proxecto modificado á Deputación Provincial de A Coruña.

EXPEDIENTE 643/2024.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2024-0318 DE DATA 20.03.2024, SOBRE ADHESIÓN AO PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO PADRÓN DAS ENTIDADES LOCAIS. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG ASUMINDO COMO PROPIA A PROPOSTA-MOCIÓN PRESENTADA POLA CIG SOBRE “PROPOSTAS DA CIG NA CAMPAÑA STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PLAN ECONÓMICO DO GOBERNO PARA AFRONTAR AS FACTURAS SEN PAGAR. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O MERCADO MUNICIPAL. Uniuse certificación do acordo ao expediente.”

10º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2024-0319 AO 2024-0452.

O Pleno da por realizado o trámite.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS	
Portavoz EU	Tres meses sen noticias do estado de tramitación das convocatorias abertas da Área de renovación e rexeneración urbana. Polo que roga información e que se continúe ou se licite os traballos da Oficina.
Portavoz PSOE	<p>Que se actualice o calendario fiscal do contribuinte.</p> <p>Se reitera a petición de que se repoñan os elemento rotos do parque dos carneiros.</p> <p>En Comisión Informativa de Obras, Servicios, Medio Ambiente e TICs se puxo en coñecemento o mal estado senda Ares-Mugardos e o treito de Ares xa está arranxado e o de Mugardos non.</p> <p>Solicita se manteñan as formas nas sesións do Pleno e pide respecto para as intervencións do seu grupo.</p> <p>Toma a palabra a concelleira do grupo municipal PP, Ana M^a Varela Bastida. Manifesta que o que sempre interrompe as intervencións é o grupo PSdG-PSOE polo que non están autorizados para realizar este rogo.</p> <p>Intervén novamente o portavoz grupo PSdG-PSOE para rexeitar as intervencións realizadas polo grupo municipal PP de carácter persoal, contra a súa persoa.</p>
Portavoz BNG	Para facilitar oas vecinos a xestión da súa economía que se faga pública o





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>calendario do contribuinte.</p> <p>Limpeza das vías públicas de herbas en Bello Piñeiro entre outras, por estar desatendidas.</p> <p>Rogo para que peleen de forma efectiva pola senda peonil na estrada DP-3504 xa que non crén que dependa da moción.</p> <p>Roga que se utilice información veraz. A a partir da información lonxa 2010-2024, ratifican os prezos actual entre 18/20 anos.</p> <p>Trasladan o rogo de varios veciños e asociacións para que se limpen mellor centros de uso público como o centro cívico ou de uso social nas Casas Baratas.</p>
PREGUNTAS	
<p>Portavoz PSdG-PSOE (2024-E-RPLN-9, de 23.04.2024)</p>	<p>“Desde el comienzo de esta legislatura en el PSOE de Mugardos consideramos que es una prioridad dar una solución a la ampliación del cementerio de San Xiao. Es, hasta la fecha, la solución más realizable a corto plazo para solucionar el problema de la falta de espacios, recordar que la lista de espera para adquirir nichos es de unas 150 personas interesadas. Hemos solicitado que se nos aclare cual es el problema durante todos estos meses y las respuestas que recibimos son evasivas.</p> <p>¿Cuál es realmente el problema que hay con el proyecto del cementerio y que actuaciones se están gestionando desde el Concello?</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>Pregunta do voceiro do Grupo PSdeG PSOE de Mugardos José Angel Martínez dirixida o Sr. Alcalde Juan Domingo de Deus ou ó Concelleiro que corresponda.</p> <p>Visto que polo momento no se ve actuación. Non se adecuaron os servizo, a caseta de socorrismo non ten auga, nin luz, falta cartelería e información.</p> <p>¿Van adecuar a praia de cara o verano?</p> <p>Concejal delegado de Obras. Si se vai a condicionar o areal.</p> <p><u>Portavoz PP</u></p> <p>Xa se indicou. Emitiuse informe pola arquitecta técnica e está en mans de secretaría tras a última presentación de documentación por parte do arcebispado.</p> <p><u>Portavoz PSdG-PSOE</u></p> <p>Lembra a última resposta dada e espera que non existan máis demoras.</p>
--	--

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta e tres minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Visto e praxe

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

